

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN XERENCIAL DO 6 DE FEBREIRO DE 2013 DE REORDENACIÓN DE HORARIOS

Vistas as solicitudes de modificación da resolución xerencial sobre reordenación de horarios realizadas polos Comités de Empresa do persoal laboral de administración e servizos de Ourense e Pontevedra.

ESTA XERENCIA RESOLVEU:


Primeiro: Modificar o último parágrafo da letra c) do apartado quinto, que queda redactado como segue:

Nas unidades nas que resulte obrigatorio a prestación de servizos os sábados, o persoal deberá realizar anualmente un máximo de 15, primando a voluntariedade entre as persoas asignadas a cada unidade. Imputaranse á bolsa de horas un máximo de 10 sábados, mentres que os cinco restantes a elección de cada persoa poderán retribuírse a razón de 1,25 por hora traballada ou compensarse por descanso cando a organización e necesidades de cada unidade o permitan a razón de 1,5 por hora.

Por cada dous sábados realizados, dos 10 primeiros, terase dereito a un día de descanso; ademais, por cada un destes sábados terase dereito a percibir unha remuneración correspondente a 3 horas ordinarias de traballo. Cando a organización e necesidades da unidade o permitan poderá substituírse a percepción económica correspondente a dous sábados, dos dez primeiros, por un día de descanso.

Segundo: Esta modificación será de aplicación con carácter retroactivo dende a entrada en vigor da resolución xerencial do 6 de febreiro de 2013 de reordenación de horarios.

Vigo, 1 de xullo de 2013
O Xerente



Manuel Fernández Jauregui

**XEFES DE SERVIZO E ADMINISTRADORES DE CENTRO
PRESIDENTES DOS COMITÉS DE EMPRESA PAS LABORAL
PRESIDENTE DA XUNTA DE PERSOAL PAS FUNCIONARIO**